



# PLAN DE ACOLLIDA

E.E.I FERNÁNDEZ VARELA -POBRA DO CARAMIÑAL.

**CURSO 2020-2021**

# PLAN DE ACOLLIDA tras COVID 19

---

Este Plan de acollida está elaborado segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021.

Porén, seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado pola Dirección do Centro coas aportacións do profesorado, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais. En consecuencia, presentase esta Plan á Comunidade educativa seguindo o Plan de Adaptación ao Covid-19 do nosa Escola cos seguintes aspectos:

## **1.- NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

Ao inicio de curso, enviarase unha circular informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro.

### **1.1.- O USO DA MÁSCARA**

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal do Centro Educativo; persoal docente, como persoal non-docente. Con respecto ao noso alumnado, será RECOMENDABLE o seu uso, fundamentalmente, nos desprazamentos que se fagan pola Escola; cambio de espazo de traballo, os nenos/as que acoden alguna actividade concreta ubicada noutra aula,....

Asemesmo, será complemento obrigatorio para todo o alumnado e profesorado e familias que compartan espazos comúns nos que non haxa posibilidade de manter a distancia interpersonal e que sexa fóra do seu grupo de convivencia estable recomendada polas autoridades sanitarias como poder ser no autobús escolar, corredores, etc. salvo aquelas persoas que poidan xustificar a súa excepción.

Porén, entendemos que o uso da máscara será estendido para todo o alumnado e profesorado nos seguintes momentos:



- Desprazamentos polo centro, de forma individual ou en grupo.
- Na entrada e saída do centro.
- No transporte.
- Na biblioteca.
- No comedor mentres non están comendo/bebendo.
- Nas reunións de claustro, consello escolar, xuntas electorais, titorías coas familias, departamento de orientación, etc.
- Nas actividades de Educación Física que non permitan manter a distancia mínima.

Nos grupos estables de convivencia, “GRUPOS BURBULLA” o alumnado e o titor/a non terán a obriga de usala. Sempre que un mestre especialista, acuda ao Grupo Burbulla, terá que empregar todas as medidas de protección pertinentes; desinfección de mans, de pés, emprego de mascaralla ou de pantalla.

Para o acceso ao centro toda persoa, tanto da comunidade educativa como externa, terá que levar máscara.

## 1.2. ORGANIZACION DOS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

ETAPA	AULA/NIVEL	ALUMNOS/AS
EDUCACIÓN INFANTIL	AULA DE 4º E.I.- A	14
	AULA DE 4º E.I.- B	12
	AULA DE 5º E.I.	23
	AULA DE 6º E.I.	21

*Cada un destes grupos será considerado un GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA, un GUPO BURBULLA. O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.*

*Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si obriga a organizar entradas, saídas, patios, entre outros moitos aspectos.*

**IMPORTANTE: Para garantir maiores medidas de seguridade a nivel sanitario, só poderán acceder ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil.**

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas. Por elo, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Recomendámosvos que evitedes que os acompañantes sexan persoas de risco.

### 1.3. ENTRADA AO RECINTO:

Detállanse dous supostos dos cales:

#### 1.3.1.ALUMNADO DE TRANSPORTE ESCOLAR

---

O alumnado que acceda ao recinto tras baixar do autobús será acompañado por unha mestre de garda ao edificio. Cada alumno/a deberá acceder coa mascara posta e deberá aplicarse como medida de desinfección antes de entrar xel hidroalcolico que será subministrado polo mestre de garda, tamén, limpará os pes e tomaráselle a temperatura. Deberán manter unha distancia interpersonal non inferior ao 1 m.

Unha vez dentro do recinto escolar, o alumnado accederá a cadansúa aula, onde estará o mestra titora.

Previamente a súa chegada ao Centro educativo, os mestres realizarán os controis de saúde requiridos polas autoridades sanitarias deixando rexistro dos mesmos por se preciso ser empregados polo Equipo Covid ou a Dirección.

### 1.3.2. ALUMNADO ENTREGADO POLAS FAMILIAS

---

Para o acceso á Escola, realizaremos dúas entradas e saídas diferenciadas;

- ✓ Os nenos/as de 3 anos, accederán polas PORTAS PRINCIPAIS; cada grupo por portas diferenciadas.
- ✓ O alumnado de 4 anos, accederá ao colexio pola entrada do PATIO CUBERTO.
- ✓ Os cativos/as de 5 anos, entrarán pola PORTA DO PATIO, entrada habitual.

A entrada xeral para todas as familias das aulas de 4 e 5 anos, será polo portalón grande do patio, e a saída será pola porta pequena, co propósito de evitar aglomeracións e cruces innecesarios.

- ✓ En todas as entradas e saídas, estarán Mestras de garda, que se encargarán de coidar que os alumnos/as, realicen as medidas de protección que están recollidas no noso Protocolo; limpeza de mans, limpeza de pés e toma de temperatura.
- ✓ O alumnado que veña acompañado, deberán vir con mascara ao igual que o seu responsable xa que non se pode garantir a distancia mínima interpersonal recomendada.
- ✓ So poderán acceder ao patio escolar un acompañante por neno/a.
- ✓

HORA	ALUMNADO/ GRUPO	MESTRA	ENTRADA/GARDA
9:30	Alumnado de 5º E.I.	SONIA	PORTA DO PATIO
9:30	Alumnado de 6ºE.I.	TINA/SANDRA DA SILVA	PATIO CUBERTO
9:40	Alumnado de 4º E.I. A	SANDRA R.	PORTA PRINCIPAL A
9:40	Alumnado de 4º E.I.	SABELA	PORTA PRINCIPAL B



Nas entradas manteranse estritamente este horario polo que solicitamos a súa colaboración para poder desenvolver esta volta ás aulas tan excepcional.

#### 1.4. GRUPOS DE CONVIVENCIA ESTABLE

Os **Grupos de Convivencia Estable** son aqueles, cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersoal de forma estrita.

Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos, o que non faría necesario gardar a distancia interpersoal de 1 metro en aula.

No caso que haxa que cubrir as ausencias do profesorado nos grupos estables de convivencia NON SE RECURRIRÁ A UNIR GRUPOS, sempre se cubrirán con profesorado que imparta docencia no grupo estable.

O alumnado e os Mestras titoras, non Terán que empregar mascaralla de forma obrigatoria dentro da aula, pero si o profesorado especialista que fará uso da máscara de forma constante. Todos os axentes educativos; alumnado, mestras, persoal non docente, empregarán a mascaralla en todos os desprazamentos que fagan pola Escola.

Os “Grupos Burbulla”, terán como único espazo para as actividades lectivas a aula asignada, con excepción das horas de psicomotricidade, valores, audición e linguaxe e PT, que deberán ser desinfectadas e ventiladas durante 15 minutos polo profesorado responsable do grupo, antes de que sexan usadas por outros alumnos/as.

A merenda da mañá tomarase dentro da aula antes de baixar ao patio, o profesorado responsable do grupo nese momento encargarse da limpeza de mans antes e despois e desinfectarase a superficie da mesa usada para a merenda. Cada neno/a, terá o seu mantel, bote/botella con auga, e merenda, que traerán cada día da casa na súa mochila. En ningún momento compartirán botellas, vasos, cubertos, nin a propia merenda,..

### 1.5. USO DOS ESPAZOS COMÚNS:

- BIBLIOTECA:** Non farán uso da biblioteca do centro, senón que farán uso da biblioteca da aula. O profesorado titor poderá coller exemplares da biblioteca do centro (respectando os tempos de devolución) para que o alumnado do seu grupo estable de convivencia poida facer uso doutros libros. Tamén, nos corredores do Centro, teremos diferentes expositores, para que cada GRUPO AULA poda disfrutar cunha boa lectura.
- BAÑOS:** Para o uso dos baños deberán evitar aglomeracións, debendo de desinfectar ou lavar as mans antes e despois do seu uso. Depositarán o pano desbotable na papeleira que haxa. O control nos baños, se incrementará por parte do profesorado co propósito de procurar un maior control de limpeza e bo uso.
- AULAS DE RELIXION, PT/ AL e ORIENTACION:** No caso de uso diario, haberá que facer unha desinfección de mans e ventilación axeitada o espazo dun mínimo de 10-15 minutos entre entrada dun grupo a outro.
- XIMNASIO:** No caso de compartir algún tipo de material necesario para desenvolver a actividade procederáse á desinfección anterior e posterior ao seu uso, recomendarase as actividades que non requiran compartir material para evitar, no posible, contaxios cruzados.
- SALA DE MESTRES:** Cada mestre será o responsable da desinfección do seu posto de traballo unha vez usado tanto da mesa, teclado, pantalla como a cadeira , ao igual que se evitará no posible estar en contacto directo en superficies como a fotocopiadora pola que se empregará xel desinfectante antes e despois do seu uso. Na máquina de café e outros mobles , procederase do mesmo xeito.
- COMEDOR ESCOLAR:** No referente ao uso do Comedor, a ANPA aportará a este plan as indicacións para o seu uso.





- O acompañamento dos Grupos burbulla ao comedor, será realizado polas monitoras, cada monitora se encargará da recollida dos nenos/as e desprazamentos ao comedor.
  - Cada Grupo Estable, acudirán xuntos.
  - Haberá ventilación constante sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.
  - Os menús serán empratados polas monitoras encargadas deste servizo, e servidos en bandexa. En ningún caso será o alumnado o que sirva a comida nos pratos nin auga nos vasos para evitar os desprazamentos polo comedor e a manipulación por varias persoas.
  - Durante o servizo de comedor o alumnado de Infantil que faga uso dos baños SO poderá ser acompañado polas coidadoras, NUNCA por alumnado doutro grupo. É necesario manter o aforo dos baños (1 só alumno/a).
  - Despois de saír do comedor todo o alumnado terá que facer unha hixiene de mans. A saída tamén será escalonada. Conforme vaian acabando de comer os diferentes grupos sairán o grupo completo sen coincidir no tempo con outro grupo. As coidadoras do comedor serán as encargadas de xestionar a saída .
  - En canto a tempo de lecer despois do comedor tamén haberá unha reorganización dos espazos.
  - Todo o persoal de comedor deberá usar en todo momento máscara.
- PATIO CUBERTO:** Empregarase como espazo de esparcemento e lecer. TAMÉN, SERÁ EMPREGADO COMO ESPAZO DE PSICOMOTRICIDADE, sempre que a climatoloxía o permita.
- PATIO EXTERIOR:** O patio será parcelado para o seu uso en quendas no recreo, non podendo compartir espazos que non sexa co seu grupo- clase.
- Os patios, cuberto e exterior, empregaranse para ESPAZOS DE ENTRETENIMENTO. Os patios serán alternados en días e horas diferentes, co propósito de respectar os agrupamentos de Aula Burbulla.



### 1.5.1 AFOROS:

---

- **BAÑOS:** A limitación de aforo para os baños será a un usuario:

O equipo de limpeza completará unha folla de rexistro das limpeza realizadas ao longo da xornada.

- **BIBLIOTECA:** Cun aforo do 50 por cen.
- **CONSERXERÍA:** Polas súas dimensións o aforo recomendado será de 2 persoas
- **SALA DE MESTRAS E DIRECCIÓN** de 7 persoas
- **XIMNASIO:** O aforo máximo será de 25 alumnos /as tal e como se contempla no Protocolo Covid seguindo as pautas de desinfección e ventilación obrigatorias nos cambios de sesións.
- **PATIO CUBERTO:** Polas súas dimensións o aforo máximo será de 25 alumnos /as.

En todos os casos mantendo a ventilación da estancia para facilitar a recirculación do aire fresco que garanta as condicións sanitarias recomendadas.

## **1.6. REUNIONS DE PROFESORADO E FAMILIAS:**

### **1.6.1. TITORIAS:**

As titorías coas familias terán lugar preferentemente por vía telefónica. As titoras tamén facilitarán un correo electrónico de contacto a principio de curso. Nos casos nos que non sexa posible a titoría telefónica, concertarase cita previa para unha titoría presencial.

As titorías se realizaran na aula, de tal xeito que permitan manter a distancia mínima e que conte con xel hidroalcohólico. A titoría será individual e tanto o proxenitor/a como o profesorado farán uso da máscara, cumprindo todas as medidas de seguridade.

### **1.6.2 CONVOCATORIA E REUNIÓN DE CLAUSTROS, DEPARTAMENTOS E CONSELLOS ESCOLARES:**

As reunións do Claustro, Departamentos e Consellos Escolares, terán lugar na Sala de mestras, xa que neste espazo ten o aforo axeitado para que así sexan.

Durante as reunións todo o profesorado levará máscara e haberá xel hixienizante dispoñible.

Independentemente, de que as reunións sexan presenciais, a principio de curso todo o profesorado terá que comprobar o funcionamento da plataforma WEBEX nos seus equipos e pedir asesoramento e formación se fose necesario.

As reunións do Departamento de Orientación realizaranse no Centro adscrito ao noso Departamento, ben sexa de forma presencial ou telemática.

As restantes reunións: EDLG, Equipo TIC, Extraescolares e complementarias,... terán lugar na sala de mestras, xa que todo o claustro compón ditos Equipos....Todas as convocatorias de reunións serán remitidas por medios electrónicos, do mesmo modo se enviará a documentación necesaria para o desenvolvemento da reunión (documentos a aprobar). Polo que, todo o profesorado ten a obriga de facer revisión diaria do seu correo electrónico corporativo.

As reunións da ANPA coas familias, que teñan lugar no centro, serán solicitadas previamente, e serán realizadas ben no patio exterior do Centro Escolar, ben no ximnasio. No caso de que se reúna

exclusivamente a directiva da ANPA, o espazo de reunión será facilitado pola Dirección do Centro.

O consello escolar celebrará as súas reunións de forma presencial se a situación sanitaria o permite usando espazos amplos do centro.

No caso de non ser recomendable a reunión presencial farase por vía telemática.



### 1.7 NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS:

Reduciranse os eventos, limitando o acceso ás persoas alleas.

As celebracións levaranse a cabo sempre que a situación meteorolóxica o permita, en espazos abertos ou no espazo de maior amplitude do que se dispoña, respectando a separación por Grupos Burbulla.

Se a situación sanitaria mellora poderá celebrarse o Festival de Nadal no centro, o Entroido e o Festival de Fin de Curso.

En todo caso, calquera realización de eventos debe cumprir cos seguintes requisitos:

- Manter a distancia interpersoal de 1,5 metros.
- Desinfección das mans para o acceso ao evento.
- Desinfección de cadeiras que se usarán durante o evento.
- Uso de máscaras en todo momento.
- Evitarase o uso de micrófonos e, de ser preciso usalos, desinfectaranse antes e despois de que o use cada persoa.
- No caso de que se use un equipo musical será manexado por unha única persoa.
- Evitaranse actuacións nas que teñan que intervir grupos estables mesturados con outros grupos diferentes se non se pode manter as distancias de seguridade e máscaras.

### **1.8. NORMAS PARA O USO DAS AULAS:**

No referente ao uso das aulas destacaremos:

1. Cada alumno/a terá o seu material diferenciado.
2. O alumnado non poderá deixar na Escola ou seu vaso, mantel ou mandilón, senón que o traerán cada día na súa mochila.
3. Verase reducido o material compartido nas aulas e intensificaremos a súa limpeza.
4. Non se compartirá ningún material sen a previa desinfección do mesmo. Nas aulas de uso común; psicomotricidade, AL, PT, valores,... no caso de empregar algún material haberá que desinfectalos antes e despois do seu uso.
5. Nos grupos que se faga uso do encerado cada alumno/a deberá desinfectar o material común como o rotulador de pizarra despois de cada uso.
6. Cada alumno/a terá unha percha individual, cando non sexa posible usarán a cadeira para colocar a súa roupa.
7. No caso das aulas que son usadas por máis dun grupo, o alumnado deberá desinfectar (con desinfectante e pano desbotable) a mesa e a cadeira que usaron antes de abandonar a aula. Ademais a aula será ventilada durante mínimo 10 minutos.
8. As ventás, persianas, ordenador... de cada aula deberá ser manipulado exclusivamente polo profesorado para diminuír riscos de contaxio.
9. Cando o alumnado faga uso dun aula ou espazo deberá desinfectar as mans á entrada e saída da mesma.
10. O profesorado debe realizar a hixiene de mans e desinfección de cadeira e material común na sala de profesores así como manter a distancia de seguridade.



11. Sempre que as condicións metereolóxicas o permitan as xanelas estarán abertas o maior tempo posible. Terase que evitar as correntes nas aulas; mentres as ventas están abertas as portas teñen que permanecer pechadas.
  
12. Tal e como se indica no Plan de Adaptación COVID19, cada aula contará cunha folla rexistro na que ir anotando as ventilacións realizadas ao longo da xornada que irá asinada polo profesorado responsable do grupo en cada momento.

## 1.9. SAÍDAS DO RECINTO ESCOLAR

A saída do centro farase tamén mantendo espazos diferenciados:

Deste xeito, o alumnado de 5º e 6º de Educación Infantil, sairá da Escola, polas portas que empregaron para acceder ao Colexio; 5º entrará pola zona da cuberta e 6º pola porta do patio.

A entrada xeral para todas as familias das aulas de 4 e 5 anos, será polo portalón grande do patio, e a saída será pola porta pequena, co propósito de evitar aglomeracións e cruces innecesarios.

Por outra banda, os nenos/as de 4º de Educación Infantil, realizará a saída do Centro polas portas principais.

O alumnado transportado, será acompañado polo docente co que tiveran a última sesión ata comprobar que quedan vixiados polo profesor que ten a garda de transporte. O alumnado esperará sentadiño no hall, nun espazo habilitado para facelo, mantendo a distancia de seguridade entre os nenos/as, e coa mascaralla.

HORA	ALUMNADO/ GRUPO	MESTRE	PORTA DE SAIDA
14:20h	Alumnos de 6º EI	Mestra: Sonia	Porta do Patio
14:20h	Alumnos de 5º EI	Mestra: Tina	Porta Cuberta
14:30h	Alumnos de 3º EI A	Mestra: Sandra R.	Porta Principal A
14:30h	Alumnos de 3º EI B	Mestra: Sabela.	Porta Principal B

O profesorado que teña a última sesión con cada grupo será o responsable de que todo o material da aula quede recollido e desinfectado e recordará o lugar no que deben facer a espera antes de subir ao transporte, así como a colocación da máscara e o mantemento da distancia de seguridade.





## **2.- ACTUACIONES DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN**

### **2.1. CREACIÓN EQUIPO COVID**

Actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021.

Os espazos de illamento COVID-19, do que dispón o Colexio son;

A Sala de Usos Múltiples; no andar 0, e a Sala de Madrugada, 1º andar.

No caso de detectarse unha situación na que un neno/a presente algunha sintomatoloxía posible Covid-19, será acompañado o espazo de illamento, quedando acompañado por algún membro do Equipo Covid.

Nesta aula contarase con; Abrirase a ventá deste espazo mentres a persoa está nese lugar, que contará con:

- Máscaras cirúrxicas.
- Cubo para o lixo con pedal, tapa e bolsa de plástico.
- Solución hidroalcohólica.
- Panos individuais desbotables.
- Batas desbotables.
- Luvas.

Este recuncho é seleccionado por ter menor uso que outros espazos do centro, así como pola súa proximidade a Dirección. Deste xeito, a actividade diaria pode realizarse con total normalidade.



## **2.2 LIMPEZA DIARIA DAS ESTANCIAS DE MAIS USO:**

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro.

### **2.3. MEDIDAS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCION:**

Compromiso da realización da autoenquisa clínica diaria será un compromiso asumido tanto por parte do profesorado; persoal docente e persoal non docente, como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como, aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

**É recomendable o uso da mascaralla, xa que na nosa Etapa non é obrigatorio.**

No caso de que algunha familia precise acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias deberá concertar cita previa e antes de acceder ao mesmo, deberá limparse as mans con hidroxel, levar a mascara de protección e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible. No caso que non se cumpran algunha destas medidas, a Dirección do centro poderá impedir a entrada co fin de garantir o benestar do alumnado e profesorado que está no recinto.

Durante os primeiros días do curso priorizarase a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Tapar a boca cun pano desbotable ao tusir ou esbirrar que se desbotará nun cubo do lixo con tapa. Se non é posible tusir contra a flexura do cóbado. E incidir na limpeza de mans posterior.
- Manter a distancia física.
- Non compartir o material propio.

Por outra banda ,

- Recordar o emprego axeitado das máscaras: como poñelas e quitelas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a



mellorar.

- Información do uso correcto da máscara e de como poñela e sacala de forma correcta.
- Realizar actividades prácticas para identificar a distancia de seguridade axeitada.

### **3.- ACCIONS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL NO ALUMNADO NECESARIA PARA O PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.**

Dende a Escola de Educación Infantil Fernández Varela, empregaranse os seguintes recursos para poder contactar coas familias; Correos ordinarios das titoras, Abalar Mobil, Páxina Web do centro e Videoconferencias por Cisco Webex.

A Dirección do centro en colaboración cos titores de aula procurará recadar a información relativa á conectividade de cada alumno/a para determinar as medidas que se deban aplicar en cada caso no momento dunha posible corentena.

Cómpre salientar que todas as ferramentas dixitais que se empreguen dende a EEI Fernández Varela deberán estar habilitadas e autorizadas pola Consellaría de Educación ou pola Dirección do centro, quedando expresamente prohibidas todas aquelas que supoñan un perigo de infrinxir a Protección de datos de carácter sensible como poden ser: Calcificacións, Notas, datos persoais( e-mail, telefono do alumno/ familia. ) quedando estas baixo a responsabilidade persoal de quen o empregue sen a devandita autorización.

#### **3.1. ACCIÓNS PARA OS GRUPOS DE EDUCACIÓN INFANTIL**

Neste punto cabe lugar incidir que a etapa de Ed. Infantil poderá empregar a Aula Virtual se así o consideran apropiado.

No obstante, habilitaranse as ferramentas necesarias para que as familias poidan continuar co traballo escolar en caso dun abrocho e do seu posible período de corentena.

As ferramentas que empregaremos, quedan recollidas no noso Plan de Continxencia, publicado NA PÁXINA WEB DO NOSO CENTRO.

Para rematar este protocolo ao inicio de setembro deberase proceder a actualización da base de datos realizada o curso pasado sobre os medios tecnolóxicos existentes nos fogares para detectar problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia. No caso de que a carencia sexa de equipamento centro procederá ao préstamo dos antigos equipos Abalar e se o problema fose de conectividade procederíase a solicitar a colaboración da Consellaría e do Concello.



#### **4.- ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.**

O alumnado das etapas de Ed. Infantil recibirán formación que fortalezan os aspectos emocionais e sociais a través de actividades dirixidas e deseñadas atendendo o seu nivel curricular e as características de cada grupo-aula.

As diferentes titorías da EEI Fernández Varela, serán asesorados polo Departamento de Orientación quen coordinará e deseñará posibles actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso en cada un dos grupos estables de convivencia.

-----

*Para que así conste a todos os efectos , este documento poderá sufrir modificacións segundo esixa as necesidades do momento e será notificada a toda a comunidade educativa para a súa rigorosa aplicación.*

*Este documento de Plan de acollida do curso 2020-2021 foi supervisado e aprobado en sesión de Claustro ordinario e Consello Escolar en data do 08 de setembro do 2020*

